

Informe sobre o Índice de Producción Industrial


Datos correspondentes a agosto de 2025

Data de publicación: 06/10/2025

Principais resultados

- En agosto de 2025, o Índice de produción industrial (IPI) rexistrou unha diminución interanual do 3,4 % en Galicia e un incremento do 0,4 % en España.
- Tendo en conta o destino económico dos bens producidos, os bens de consumo baixaron un 1%, os bens de equipo un 9,5 % e os bens intermedios un 4,3 %. Pola súa parte, a enerxía incrementouse un 2,4 %.
- Por ramas de actividade, a contribución negativa máis destacable corresponde a: “Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques” que resta 2,9 puntos.
- No referido ás repercusións positivas, as ramas máis relevantes foron “Fabricación doutro material de transporte” e “Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado” cunha contribución de 0,5 puntos cada unha delas.

Taxas de variación interanual (%)



Fonte: INE.

1. Índice xeral e por destino económico dos bens


O Índice de produción industrial diminuíu un 3,4 % en taxa interanual en agosto de 2025; en España, incrementouse o 0,4 %.

- Os bens de consumo diminuíron o 1 %, cunha repercusión de -0,3 puntos.
- Os bens de equipo rexistran unha taxa interanual do -9,5 %, restando 2,6 puntos á taxa total.
- Os bens intermedios diminúen un 4,3 %, cunha repercusión negativa de 0,9 puntos.
- Por último, a enerxía, que aumenta un 2,4 %, suma 0,5 puntos á taxa de variación interanual do conxunto.

Índice de produción industrial (IPI). Agosto de 2025

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
Xeral	74,7	-3,4	0,6
Bens de consumo	105,8	-1,0	4,0
Bens de equipo	67,2	-9,5	7,5
Bens intermedios	61,4	-4,3	-1,1
Enerxía	67,5	2,4	-10,1

Contribucións á taxa de variación do índice xeral



Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE.

2. Índices por ramas de actividade

Atendendo ás distintas ramas industriais, o descenso interanual do 3,4 % débese principalmente á contribución negativa de 15 ramas.

Entre as ramas con contribucións negativas (-5,5 puntos) destacan:

- "Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques" (-27,1 %, resta 2,9 puntos).
- "Outras industrias extractivas" (-31,5 %, resta 0,5 puntos).
- "Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n." (-15,3 %, resta 0,5 puntos).

No que respecta ás contribucións positivas (2,1 puntos) as principais ramas foron:


- "Fabricación doutro material de transporte" (28,2 % e suma 0,5 puntos).
- "Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado" (3,5 % e suma 0,5 puntos).

3. Índices por comunidades autónomas

O IPI aumentou en 8 comunidades autónomas neste mes de agosto. As comunidades con taxas máis positivas foron Andalucía (8,4 %) e Castela e León (3,5 %). Pola contra, as maiores baixadas presentáronse en País Vasco (-7,9 %) e A Ríoxa (-7,5 %).

IPI. Resultados por comunidades autónomas. Agosto de 2025

Taxas de variación (%)



Fonte: INE.

4. Notas metodolóxicas

O IPI é un indicador conxuntural que mide a evolución mensual da actividade produtiva das ramas industriais, é dicir, das industrias extractivas, manufactureiras, fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado e fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación, que son, respectivamente, as seccións B, C D e E da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE 2009). Mide, por tanto, a evolución conxunta da cantidade e da calidade producidas, eliminando a influencia dos prezos.

Para a súa obtención realízase unha enquisa continua de periodicidade mensual que investiga todos os meses a aproximadamente 11.500 establecementos en España.

5. Anexo cadros

Cadro 1. Índice de produción industrial. Agosto de 2025

Galicia

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	74,7	-3,4	0,6		
Bens de consumo	105,8	-1,0	4,0	-0,3	1,0
Bens de equipo	67,2	-9,5	7,5	-2,6	2,2
Bens intermedios	61,4	-4,3	-1,1	-0,9	-0,2
Energía	67,5	2,4	-10,1	0,5	-2,4

España

	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión interanual	Repercusión no que vai de ano
Xeral	78,8	0,4	0,6		
Bens de consumo	83,5	0,1	0,3	0,0	0,1
Bens de equipo	66,6	2,3	-0,5	0,4	-0,1
Bens intermedios	67,0	-2,5	0,1	-0,7	0,0
Energía	107,3	2,8	3,4	0,7	0,6

Fonte: INE.

Cadro 2. IPI por ramas de actividade. Galicia. Agosto de 2025

Ramas	Taxa interanual (%)	Repercusión interanual	Taxa no que vai de ano (%)	Repercusión no que vai de ano	Ponderación
Fabricación de vehículos de motor, remolques e semirremolques	-27,1	-2,9	9,4	1,3	13,3
Outras industrias extractivas	-31,5	-0,5	-11,0	-0,1	1,1
Fabricación de maquinaria e equipamento n.c.n.	-15,3	-0,5	-4,7	-0,2	2,8
Confección de roupa de vestir	-9,6	-0,3	14,2	0,3	1,8
Artes gráficas e reprodución de soportes gravados	-52,2	-0,3	-26,1	-0,1	1,0
Industria téxtil	-34,8	-0,2	-13,0	-0,1	0,8
Industria da madeira e da cortiza, agás mobles; cestería e espartaría	-5,1	-0,1	-1,2	-0,1	4,6
Industria do papel	-4,6	-0,1	-1,5	0,0	1,2
Industria química	-6,4	-0,1	0,3	0,0	1,9
Fabricación doutros produtos minerais non metálicos	-4,6	-0,1	-4,4	-0,1	3,2
Fabricación de produtos de caucho e plásticos	1,7	0,0	7,1	0,2	2,3
Fabricación de produtos informáticos, electrónicos e ópticos	1,3	0,0	30,0	0,2	0,8
Fabricación de mobles	-1,9	0,0	-2,2	0,0	1,3
Reparación e instalación de maquinaria e equipamento	-0,3	0,0	2,8	0,2	4,8
Fabricación de produtos metálicos, agás maquinaria e equipamento	1,3	0,1	8,4	0,7	8,6
Fabricación de material e equipamento eléctrico	16,1	0,1	-11,8	-0,1	0,5
Outras industrias manufactureiras	12,8	0,1	8,8	0,1	0,7
Industria da alimentación	1,1	0,2	4,0	0,6	14,9
Metalurxia; fabricación de produtos de ferro, aceiro e ferroalixes	6,3	0,2	-7,9	-0,2	5,1
Fabricación de bebidas	5,7	0,4	5,6	0,3	3,8
Fabricación doutro material de transporte	28,2	0,5	17,7	0,4	1,9
Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado	3,5	0,5	-11,5	-2,3	19,4

Fonte: INE.

Nota: non se amosan na táboa os datos das ramas de Industria do coiro e do calzado, Coquerías e refinación de petróleo, Fabricación de produtos farmacéuticos e Captación, depuración e distribución de auga por estar afectados por un alto erro de mostraxe, ao dispoñer de poucas observacións mostrais.

Cadro 3. IPI por Comunidades Autónomas. Agosto de 2025

CCAA	Índice	Taxa interanual (%)	Taxa no que vai de ano (%)
España	78,77	0,4	0,6
Andalucía	96,68	8,4	7,4
Aragón	81,80	2,1	3,2
Asturias, Principado de	76,54	2,2	5,1
Baleares, Illas	114,20	0,7	5,1
Canarias	105,50	2,5	-0,9
Cantabria	78,22	2,6	-0,9
Castela e León	81,53	3,5	2,4
Castela-A Mancha	90,92	-0,2	0,0
Cataluña	73,14	2,3	-0,6
Comunidade Valenciana	71,82	-1,2	-1,3
Extremadura	115,39	-4,0	-0,3
Galicia	74,70	-3,4	0,6
Madrid, Comunidade de	79,07	-1,3	-0,2
Murcia, Rexión de	85,96	-2,4	0,2
Navarra, Comunidade Foral de	72,65	-6,2	-2,3
País Vasco	61,79	-7,9	-2,5
Rioxa, A	69,07	-7,5	0,9

Fonte: INE.